

Nome e apelidos:	
------------------	--

PREGUNTA 4. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre o franquismo. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás características básicas do réxime, aos seus principais apoios e ao seu proceso de institucionalización a través das denominadas *Leis orgánicas*. (5 puntos)

Doc. 1. Editorial do diario *Arriba*, pertencente á prensa do Movemento, publicado con motivo da conmemoración oficial do «Día do Caudillo» do 1 de outubro de 1949:

“Francisco Franco, o da mellor espada, pertence ás hostes de vangarda do providencial destino. É o home de Deus, o de sempre, o que aparece no crítico instante e derrota os inimigos proclamándose campión da Milicia do Ceo e da Terra. Pertécenlle polo tanto [...] títulos de Caudillo, Monarca, Príncipe e Señor dos Exércitos. De Caudillo polo seu propio esforzo de milite; de Monarca pola seu ben gañada nobreza; de Príncipe polo seu agudo quefacer político e de Señor dos Exércitos pola súa valía, competencia e coñecementos das tácticas, estratexias e demais complexos problemas da guerra”.

Doc. 2. Pastoral do bispo de Ourense sobre o referendo da *Lei de Sucesión* a celebrar o 6 de xullo de 1947:

“Do éxito ou do fracaso desta lei depende o ser ou non ser, a orde, a vitalidade, a prosperidade, ou a ruína e desaparición da Patria; o triunfo e afirmación definitiva da España auténtica, espiritualista, cristiá, ou a volta á anti-España da revolución vermella, que é o mesmo que a definitiva negación de España [...]. Entre a luz e as tebras non hai alianza posible [...]. Nin como católicos nin como españois podemos inhibirnos ante o referendo”.

Doc. 3. *Lei de principios do Movemento Nacional*, 17 de maio de 1958:

I. España é unha unidade de destino no universal. O servizo á unidade, grandeza e liberdade da Patria é deber sagrado e tarefa colectiva de todos os españois.

II. A Nación española considera como timbre de honra o acatamento á Lei de Deus, segundo a doutrina da Santa Igrexa católica, Apostólica e Romana, única verdadeira e fe inseparable da conciencia nacional, que inspirará a súa lexislación.

IV. A unidade entre os homes e as terras de España é intanxible. A integridade da Patria e a súa independencia son esixencias supremas da comunidade nacional.

VI. As entidades naturais da vida social: familia, municipio e sindicato, son estruturas básicas da comunidade nacional”.